

1. . OBXECTIVOS

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Comunicación lingüística.
e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.	Comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Aprender a aprender. Sociais e cívicas. Conciencia e expresións culturais.
i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.	Competencia dixital. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.	Conciencia e expresións culturais. Comunicación lingüística. Dixital.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
j e b	<p>B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.</p> <p>B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.</p> <p>B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.</p>	<p>B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.</p>	EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	CCL CCEC CSC
			EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	CCEC CAA
			EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	CCEC CAA
			EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	CCEC CCL
			EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	CCEC CCL
			EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	CCEC CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
j e b	<p>B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.</p> <p>B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.</p> <p>B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.</p> <p>B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.</p> <p>B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.</p> <p>B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.</p>	<p>B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p>	<p>EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).</p>	CCEC CCL
			<p>EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.</p>	CCEC CCL
			<p>EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.</p>	CCEC CCL
			<p>EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.</p>	CCEC CAA CCL
			<p>EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.</p>	CCEC CCL CAA
			<p>EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.</p>	CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	CCEC CAA CD
j i a	<p>B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.</p> <p>B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).</p> <p>B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.</p> <p>B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.</p>	B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	CD CSC
			EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa..	CSC CD
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
j b	<p>B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.</p> <p>B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas,</p>	B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	CCEC CAA CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.</p> <p>B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).</p>	<p>diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.</p>	<p>EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).</p>	<p>CCEC CAA CCEC CAA</p>
			<p>EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p>	<p>CAA CCEC CAA</p>
			<p>EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.</p>	<p>CCEC CAA</p>
			<p>EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.</p>	<p>CCEC CAA CCEC CAA</p>
			<p>EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.</p>	<p>CCEC CCEC CAA CCEC</p>
			<p>EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.</p>	<p>CCL</p>
			<p>EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.</p>	

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	
			EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	
j b	B2.4. Análise das formas de representación de volume. B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais. B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.	B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	CCEC CAA
			EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	CCEC CAA
			EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	CCEC CAA
			EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
d j	<p>B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.</p> <p>B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.</p> <p>B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.</p> <p>B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.</p>	B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	CSC CCEC
			EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	CSC CCEC
			EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.	CSC CCEC
i j b	<p>B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.</p> <p>B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística.</p>	B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	CD CCEC
			EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	CD CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	CCEC CD
a b j	B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade. B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas). B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.	B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	CCEC CAA
			EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	CSC CCEC
			EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	CSC CCEC
			EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	CSC CCEC CAA
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO				
g b j	B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da realidade do alumnado.	B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos	EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	CCEC CAA CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.</p> <p>B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.</p> <p>B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.</p> <p>B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación artística partindo dos polígonos elementais.</p>	<p>recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.</p>	EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	CCEC CAA CMCCT
			EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	CMCCT CCEC
			EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	CMCCT CCEC
			EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	CMCCT CCEC
			EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	CMCCT CCEC
			EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	CCEC CMCCT CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	CCEC CAA
			EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	CMCCT
			EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	CCEC CAA
			EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	CCEC CMCCT
			EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	CCEC CMCCT CSIEE
			EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	CMCCT CCEC
			EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	CMCET CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
j g b	B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.	B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.	EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	CCEC CAA CMCCT

Para dinamizar o Centro e para desenvolver diversos aspectos da Área de Educación Artística, durante este curso continuaremos traballando con catro obradoiros, un máis que nos últimos cursos. Funcionarán no Colexio os seguintes talleres para o alumnado de 5º e 6º de Primaria. Este curso anulamos o obradoiro de teatro pola imposibilidade física e organizativa que suporía mantelo. Sostituíremolo por un obradoiro de radio.

A distribución do alumnado nos obradoiros farase respectando os grupos burbulla de aula, de xeito que sexan grupos estables en cada trimestre e os cambios de obradoiro teñan lugar no periodo vacacional de Nadal e Semana Santa.

IMAXE	RADIO	DEBUXO LINEAL E ARTÍSTICO	XARDÍN E HORTA
-------	-------	---------------------------	----------------

IMAXE

Dentro das posibilidades de planificación na Área de Artística, no apartado desta adicada á Plástica, prográmase o desenvolvemento dun Obradoiro de Imaxe. Este pretende aproximar ao alumnado de 5º e 6º de Primaria á linguaxe audiovisual

desde unha perspectiva activa. Así, preténdese que os nenos e nenas coñezan as cámaras de vídeo e fotografía e realicen e monten as súas reportaxes, tanto fotográficas como de vídeo.

OBXECTIVOS:

- Coñecer os fundamentos básicos da fotografía e da linguaxe fotográfica.
- Coñecer e identificar as partes principais dunha cámara fotográfica dixital.
- Reflexionar sobre as posibilidades didácticas da fotografía na Educación Primaria e realizar propostas didácticas para a súa utilización.
- Coñecer os principais elementos técnicos do vídeo
- Manexar a cámara de vídeo dixital e iniciarse no uso de técnicas de linguaxe audiovisual
- Utilizar o vídeo coma un incentivo para a creación e o desenvolvemento da imaxinación
- Aproximarse ao proceso de edición de vídeo dixital.
- Reflexionar sobre as posibilidades que ofrece o vídeo na escola como recurso didáctico e medio de expresión.

ACTIVIDADES:

➤ FOTOGRAFÍA:

1. Exploración da cámara fotográfica.
2. Práctica de fotografías (ángulos de toma, encadres, composición,...).
3. Introducción á edición fotográfica.
4. Introducción á técnica de Stop Motion.

5. Realización de reportaxes fotográficas dos distintos actos e festas que organice o colexio.
6. Realización de presentacións fotográficas para o festival das Letras Galegas.

VÍDEO:

1. Exploración da cámara de vídeo.
2. Realización de exercicios coa cámara dixital: planos, ángulos, movementos,...
3. Introducción á gravación de vídeo coa técnica croma.
4. Gravación e montaxe dos distintas actividades, actos e festas que organice o colexio.
5. Montaxe das gravacións realizadas para proxectar no Festival das Letras Galegas.

RADIO

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO OBRADOIRO:

- Coñecer os fundamentos básicos da linguaxe radiofónica.
- Coñecer os distintos tipos de programas radiofónicos, as súas seccións e os elementos que as compoñen, e iniciarse no seu análise.
- Reflexionar sobre as posibilidades da radiofonía na Educación Primaria e realizar propostas para a súa utilización.
- Elaborar un guión para un programa de radio.
- Coñecer e identificar as partes principais dun estudio de son e dos elementos que o compoñen (mesa de mestura, microfonía, cableado, equipo informático, etc) .

- Coñecer os principais elementos técnicos do son e os rudimentos do seu procesamento.
- Manexar a mesa de mestura e o equipo de gravación (sistema informático e software específico) e iniciarse no uso de técnicas da linguaxe radiofónica.
- Empregar a radio escolar coma un incentivo para a creación e o desenvolvemento da imaxinación.
- Aproximarse ao proceso de edición de audio dixital.
- Realizar prácticas de gravación, edición e mestura de audio.

OBXECTIVOS TRANSVERSAIS:

- Mellorar a elaboración do discurso e a expresión oral, transmitindo as ideas dun xeito ordenado.
- Mellorar a capacidade de síntese.
- Respecto pola quenda de palabra.
- Ofrecer unha canle expresiva parella á plástica.
- Fomentar a capacidade para pensar, razoar, criticar ou ter iniciativas.
- Adquirir confianza nas producións propias e gozar co proceso creativo.

ACTIVIDADES:

- o Elaboración dun guión para un programa de radio.
- o Elaboración e realización de entrevistas.
- o Gravación dos distintos arquivos de audio para a elaboración dun programa de radio (podcast).
- o Gravación en directo dun programa de radio.
- o Mestura e edición de audio dixital.
- o Publicación dos podcasts na conta Ivoox do centro

- o Posible emisión en streaming dun programa en directo.

AVALIACIÓN:

A avaliación do obradoiro levarase a cabo de forma continua e tamén valorando os resultados obtidos nas elaboracións dos distintos programas. Á hora de valorar o traballo do alumnado fixarémonos en:

- Interese por aprender e polo traballo ben feito.
- Correcto emprego das técnicas traballadas.
- Manexo dos distintos instrumentos hardware e software utilizados.
- A iniciativa e interese posto no desenvolvemento das distintas actividades propostas.

OBRADOIRO DE DEBUXO TÉCNICO E ARTÍSTICO

De carácter cuatrimestral, este obradoiro vai dirixido aos alumnos/as de 5º e 6º de primaria. Con unha media de 12 alumnos por cuatrimestre e con dous niveis de coñecemento, xa que algúns dos alumnos participantes é o segundo ano que asisten ao obradoiro.

Farase unha introdución ao debuxo técnico, traballaranse diferentes técnicas de debuxo artístico e distintos exercicios de simetría.

Preténdese:

- Espertar a sensibilidade e a creatividade dos nosos alumnos/as.
- Que aprendan a valorar as creacións artísticas.
- Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.

- Que coñezan as posibilidades da imaxe para expresar ideas, sentimentos ou vivencias.
- Introducir o debuxo técnico, traballando as nocións básicas.
- Traballar a simetría.
- Explorar e utilizar distintos materiais plásticos.
- Practicar distintas técnicas plásticas (colaxe, bodegón, a proporción, a perspectiva, o sombreado...).
- Utilizar os recursos que a plástica nos achega para a aprendizaxe noutras áreas.

Valorarase:

- O correcto emprego das técnicas traballadas.
- A limpeza dos traballos.
- A iniciativa na realización de producións artísticas persoais.
- A utilización correcta dos distintos instrumentos utilizados nos debuxo técnico.
- O coñecemento e utilización das técnicas básicas da expresión plástica.
- A realización das simetría de distintos obxectos.

OBRADOIRO DE XARDÍN E HORTA

O obradoiro realizarase co alumnado de 5º e 6º e interviremos no xardín e na horta.

1. OS OBXECTIVOS PROPOSTOS SON:

- Valorar a importancia paisaxística dos xardín como elemento de beleza e participar no seu coidado.
- Realizar as tarefas principais relacionadas coa creación e mantemento dun xardín ornamental no patio do colexio, aproveitando os espazos creados para tal fin.
- Realizar as tarefas principais relacionadas coa creación e mantemento dunha horta de especies aromáticas, aproveitando os espazos creados para tal fin.
- Traballo en equipo, tarefas básicas dunha cuadrilla. Coñecer as tarefas e traballos básicos na xardinería, o funcionamento dunha cuadrilla e coñecer a realidade dun traballo de campo.
- Recoñecemento e manexo de ferramentas. Coñecer as principais ferramentas empregadas en xardinería, o seu manexo e as normas de seguridade asociadas a cada unha delas.
- Visita ao viveiro. Coñecer o funcionamento e traballos que se realizan nun viveiro, as tarefas e actividades básicas do traballo que se fai nel.
- Coñecer a reprodución sexual e asexual nos vexetais. A metodoloxía a seguir para a súa multiplicación e as súas vantaxes e inconvenientes.
- Diferenzas e coñecer os tipos básicos de poda, as técnicas e a época de poda.
- Coñecer o proceso da compostaxe e o seu manexo. Implantación do compostador.
- Colaborar coas familias no aporte de novas variedades vexetais para plantar nos espazos disponibles.
- Participar coas familias en charlas sobre mantemento dunha horta/dun xardín con boas practicas ecolóxicas.

- Coñecer os traballos que desenvolven as familias con respecto á horta e xardín.
- Realización dun obradoiro de Centros de Nadal, empregando materiais de refugallo.

2. TRABALLOS A DESENVOLVER

- Plantado.
- Desplantado.
- Abonado.
- Poda.
- Rega. (Aproveitando a auga da fonte da Raíña)
- Recollida de froitos.
- Preparación de parterres na zona de horta.
- Plantado nos parterres por parte dos distintos cursos.
- Mantemento da horta.
- Colaboración das familias mediante visitas programadas para axudar no cultivo da horta e do xardín.
- Construción dun invernadoiro na horta.

O eido de actuación desenvolverase arredor dos seguintes eixes:

PLANTAS DE INTERIOR

Traballos de mantemento das plantas existentes:

- ★ Cambios de testo, abonado, poda, desplante
 - ❖ Facer unha foto de cada planta, identificación e ficha con 4 características(int/ext, florecemento, rego, sol/sombra). (Preferentemente facelo cando chova ou faga mal tempo)

TRABALLOS NO XARDÍN E HORTA

XARDÍN DIANTEIRO

Realizar o mantemento do xardín dianteiro:

- ★ Quitar as herbas malas.
- ★ Preparar as plantas.
- ★ Descolgado das botiñas actuais para o seu mantemento.
- ★ Colgado de novas botiñas.
- ★ Recuperación de bulbos para plantar o ano vindeiro.
- ★ Pedir a colaboración dos cursos para facer flores (preferiblemente con materiais de refugallo) para colocalos nas botiñas durante o inverno.
- ★ Mercar e plantar outras variedades de plantas.

HORTA

- Reorganizar a zona de compostaxe e coordinar as aula para facer práctica de compostaxe.
- Colaborar coa Asociación “Amigos da terra”, que nos orienta nos labores de horta.

- Remodelación dos parterres e replantación dos mesmos.

- Plantación de nova especies de plantas e árbores, en concreto un limoeiro e unha laranxeira.

- Realización da replantación das variedades de aromáticas: Tormentelo, lavanda, melisa, menta, ourego, herba luisa, malva de olor, santolina.

- Construción dun invernadoiro.

- Facer unha ficha de cada planta con nome científico, nome galego, nome castelán, 4 características (int/ext, florecemento, rego, sol/sombra).

- Recuperación da zona de salto de lonxitude próxima á zona de horta, co fin de que o alumnado poida practicar nos recreos esta modalidade de atletismo.

- Plantación de cítricos: limoeiro e laranxeira.
- Plantación de diversas especies nos parterres.
- Invitación aos familiares do alumnado para que veña participar no obradoiro de xardín e facerlle unha entrevista.

MATERIAIS:

- Terra provinte dos composteiros
- Sustrato
- Sachos
- Regadeiras
- Plantas
- Etiquetas.
- Plantas e árbores.